

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

**17759** *Orde SPI/2957/2010, do 16 de novembro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.*

O Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización, incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 94/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de xuño de 1994, relativa aos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios. Este real decreto foi modificado en varias ocasións, a última a través da Orde SCO/2274/2007, do 23 de xullo, pola que se modifica o anexo do Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro.

A Directiva 2009/163/UE da Comisión, do 22 de decembro de 2009, pola que se modifica no que respecta ao neotamo a Directiva 94/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios, introduce cambios na lexislación de aditivos pola autorización de uso dun novo edulcorante: o neotamo (E-961). Este aditivo edulcorante foi avaliado desde o punto de vista da súa seguridade pola Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA), quen emitiu un ditame ao respecto no cal concluíu que non é perigoso en relación cos usos propostos como edulcorante e potenciador do sabor, e determinou unha inxesta diaria admisible (IDA) de 0-2 mg por kg de peso corporal ao día.

Esta orde, que se dita ao abeiro do disposto na disposición derradeira primeira do Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización, que habilita a ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade para ditar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento, así como para a actualización dos seus anexos cando sexa necesario para adaptalos ás disposicións da Unión Europea, incorpora ao noso ordenamento xurídico as disposicións da mencionada Directiva 2009/163/UE, do 22 de decembro de 2009.

Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas, e oídos os sectores afectados, as asociacións de consumidores e usuarios, e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do anexo do Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.*

O anexo do Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización, modifícase nos seguintes termos:

Un. Insírese o texto da entrada E-961 despois da entrada E-959:

Número CE	Denominación	Produtos alimenticios	Dose máxima de Emprego
«E 961	Neotamo.	<i>Bebidas alcohólicas</i>	
		Sidra e perada.	20 mg/l
		Bebidas constituídas por unha mestura de cervexa, sidra, perada, bebidas espirituosas ou viño con bebidas non alcohólicas.	20 mg/l
		Bebidas espirituosas cun contido de alcohol inferior a 15 % vol.	20 mg/l
		<i>Bebidas non alcohólicas</i>	
		Bebidas aromatizadas a base de auga, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	20 mg/l
		Bebidas a base de leite e produtos derivados ou de zumes de froitas, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	20 mg/l
		<i>Cereais para almorzo</i>	
		Cereais para o almorzo, cun contido de fibra superior ao 15 % e que conteñan polo menos un 20 % de farelo, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	32 mg/kg
		<i>Cervexas</i>	
		Cervexa sen alcohol ou cun grao alcohólico inferior a 1,2 % vol.	20 mg/l
		“Bière de table/Tafelbier/Table Beer” (que conteña menos dun 6 % de mosto primitivo) excepto “Oberjähriges Einfachbier”.	20 mg/l
		Cervexas cunha acidez mínima de 30 miliequivalentes expresada en NaOH.	20 mg/l
		Cervexas negras do tipo “oud bruin”.	20 mg/l
		Cervexas de valor enerxético reducido.	1 mg/l
		<i>Complementos alimenticios</i>	
		Complementos alimenticios fornecidos en forma líquida.	20 mg/kg
		Complementos alimenticios fornecidos en forma sólida.	60 mg/kg
		Complementos alimenticios a base de vitaminas e/ou elementos minerais, en forma mastigable ou de xarope.	185 mg/kg
		<i>Conservas e semiconservas de produtos da pesca</i>	
		Conservas e semiconservas agrídoces de peixe e escabeches de peixe, crustáceos e moluscos.	10 mg/kg
		<i>Edulcorantes de mesa</i>	
		Edulcorantes de mesa.	<i>Quantum satis.</i>
<i>Froitas e hortalizas elaboradas</i>			
Froita enlatada ou embotellada, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	32 mg/kg		
Confeituradas, xeleas e marmeladas de valor enerxético reducido.	32 mg/kg		
Preparados de froitas e hortalizas de valor enerxético reducido.	32 mg/kg		
Conservas agrídoces de froitas e hortalizas.	10 mg/kg		
<i>Goma de mascar</i>			
Goma de mascar sen azucres engadidos.	250 mg/kg		
<i>Xeados</i>			
Xeados, sorbetes e tortas xeadas de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	26 mg/kg		

Número CE	Denominación	Produtos alimenticios	Dose máxima de Emprego
		<i>Pastas e cremas para estender</i>	
		Pasta para untar a base de cacao, leite, froitos secos ou graxas, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	32 mg/kg
		<i>Sobremesas</i>	
		Sobremesas aromatizadas a base de auga, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	32 mg/kg
		Preparados a base de leite e produtos derivados, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	32 mg/kg
		Sobremesas a base de froitas e hortalizas, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	32 mg/kg
		Sobremesas a base de ovo, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	32 mg/kg
		Sobremesas a base de cereais, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	32 mg/kg
		Sobremesas a base de materias graxas, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	32 mg/kg
		<i>Produtos alimenticios destinados a unha alimentación especial</i>	
		Produtos de panadaría fina para usos nutritivos específicos.	55 mg/kg
		Alimentos destinados a ser utilizados en dietas de baixo valor enerxético para redución de peso.	26 mg/kg
		Alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais	32 mg/kg
		<i>Produtos de aperitivo</i>	
		Produtos a base de amidón salgados, secos e preenvasados de distintos sabores, listos para consumir, e froitos secos con cobertura.	18 mg/kg
		<i>Produtos de confeitaría a base de azucres: caramelos, confeitos e lambetadas</i>	
		Caramelos, confeitos e lambetadas sen azucres engadidos	32 mg/kg
		Produtos a base de cacao ou de froitos secos, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	65 mg/kg
		Produtos a base de amidón, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	65 mg/kg
		Micropastillas para refrescar o alento sen azucres engadidos	200 mg/kg
		Pastillas refrescantes moi aromatizadas para a gorxa, sen azucres engadidos.	65 mg/kg
		Confeitaría en forma de pastillas, de valor enerxético reducido.	15 mg/kg
		<i>Produtos de pastelería, repostaría, bolaría e galletaría</i>	
		Cornetes e galletas de barquillo para xeados sen azucres engadidos.	60 mg/kg
		“Essoblaten” (obleas)	60 mg/kg
		<i>Salsas</i>	
		Salsas.	12 mg/kg
		Mostaza.	12 mg/kg
		<i>Sopas</i>	
		Sopas de valor enerxético reducido.	5 mg/l
		<i>Outros</i>	
		“Feinkostsalat”.	12 mg/kg»

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/163/UE da Comisión, do 22 de decembro de 2009, pola que se modifica, no que respecta ao neotamo,

a Directiva 94/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 16 de novembro de 2010. A ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, Leire Pajín Iraola.